



MEMORIA JUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E AS FEDERACIÓNS QUE SE RELACIONAN , PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA PARA O ANO 2026

1- A Consellería de *Presidencia, Xustiza e Deportes* é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de Deportes.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos, de conformidade co previsto no réxime competencial da Secretaría Xeral para o Deporte establecido no artigo 15 do Decreto Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG nº 101, do 27 de maio), o apoio e a promoción das asociacións e federacións deportivas, sempre que o seu ámbito de actuación non exceda o propio da Comunidade Autónoma

2- Antecedentes:

Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes.

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, regula no seu artigo 51.1 as federacións deportivas galegas, configurándose estas como entidades privadas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o establecido no artigo 51.5 da Lei 3/2012, do 2 de abril, só se pode recoñecer unha federación deportiva por cada modalidade, exercitando cada unha delas en réxime de exclusividade, ademais das funcións que son propias do seu ámbito privado, as funcións públicas delegadas establecidas no



artigo 56.4 da norma, actuando neste caso como axentes colaboradores da Administración.

A Lei 3/2012 recolle entre os seus principios reitores a eficacia, eficiencia, descentralización, desconcentración, coordinación, colaboración e participación das entidades públicas e privadas, e a promoción da colaboración entre o sector público e o privado a fin de garantir a máis ampla e mellor oferta deportiva. Entre os principios xerais recóllese, entre outros, a promoción do deporte de competición e de alto nivel en colaboración coas federacións deportivas e demais entidades con competencia en materia de deporte.

Neste marco competencial e normativo, a Xunta de Galicia ven efectuando anualmente convenios de colaboración coas Federacións deportivas de Galicia, para a promoción das distintas modalidades deportivas a través dos diversos programas que desenvolven, tanto no ámbito do deporte de base como no de competición. A este respecto se acompaña cadro da evolución do gasto correspondente a esta actuación de fomento respecto aos últimos 3 anos:

FEDERACIÓN	ANO 2023	ANO 2024	ANO 2025	ANO 2026
A. Subacuáticas	21.116	21.542	23.767	23.800
Aeronáutica	14.089	14.855	14.887	16.126
Atletismo	268.495	287.908	328.028	335.501
Automobilismo	180.933	51.882	64.365	73.367
Bádminton	105.871	108.300	133.353	138.862
Baile (1)	15.088	28.235	38.320	39.446
Baloncesto	288.289	297.204	327.341	332.324
Balonmán	216.421	224.708	250.768	259.244
Béisbol e Sófbol	12.140	14.160	18.194	18.215
Billar	22.977	23.115	25.066	25.057
Bolos	24.768	24.973	27.542	27.513
Boxeo	29.423	34.932	39.877	39.912
Caza	36.733	34.431	37.858	37.921
Colombicultura	3.746	3.825	3.833	3.910
Colombofilia	8.060	8.226	9.149	9.118
Dep. Inverno	9.371	9.565	9.594	9.544
Deport Adaptado	87.098	88.936	95.984	95.963
Deport	20.626	21.189	21.292	21.319





Autóctonos				
Esgrima	37.669	38.448	38.402	38.462
Espeleoloxía	15.554	18.377	19.666	19.602
Esquí Náutico	9.747	9.948	9.978	9.910
Fútbol	286.208	291.552	313.629	319.449
Golf	53.791	55.309	55.299	55.368
Halterofilia	64.418	68.117	74.257	74.210
Hípica	78.389	80.391	80.387	80.313
Hóckey	65.016	66.692	74.677	75.235
Judo e D.A.	154.305	158.284	174.830	177.245
Karate e D.A.	73.808	79.412	89.410	91.923
Kickboxing	22.292	22.761	24.907	25.541
Kung-Fu	35.338	36.075	39.692	39.674
Loita e D.A.	114.877	116.833	128.838	130.000
Montañismo	32.237	33.903	37.135	37.065
Motociclismo	68.043	67.953	67.967	67.908
Motonáutica	37.860	36.003	42.945	42.953
Natación	182.278	184.299	206.836	213.773
Orientación	25.952	27.817	30.833	30.815
Pádel	41.605	42.465	42.484	42.535
Patinaxe	62.023	63.314	68.613	68.547
Pelota	11.993	12.242	12.247	12.211
Pesca e Casting	16.680	17.025	17.052	17.028
Petanca	13.333	13.999	15.216	15.169
Piragüismo	423872	435160	485321	484.352
Remo	122.813	124.754	139.821	147.300
Rugby	49.887	53.326	58.851	58.818
Salvamento e S.	22.305	24.264	28.194	29.024
Squash	72.647	72.426	79.384	79.312
Surf	70.433	71.361	77.332	47.372
Taekwondo	129.675	131.363	147.859	149.062
Tenis	119.644	121.577	133.638	133.599
Tenis de mesa	42.208	45.017	49.445	50.641
Tiro con Arco	53.455	54.502	59.468	60.637
Tiro Olímpico	46.968	46.901	47.798	49.022
Triatlón e P.M.	181.699	184.942	188.479	188.472
Vela	304.520	305.329	339.438	347.961
Voleibol	90.475	91.424	99.656	99.716
Xadrez	59.073	61.701	67.649	67.700
Ximnasia	91.751	94.233	104.238	105.422



TOTAL	4.750.085	4.757.485	5.241.089	5.290.488
% VARIACIÓN		0,16 %	10,17 %	0,94 %

3- Finalidade Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coas federacións deportivas que se relacionan a continuación o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 01/01/2026 ata o 15/12/2026.

NIF	FEDERACIÓN	TOTAL CONVENIIO
G15108319	A. Subacuáticas	23.800,00
G36648368	Aeronáutica	16.126,00
G15103500	Atletismo	335.501,00
Q8255003I	Automobilismo	73.367,00
G36645133	Bádminton	138.862,00
G10883999	Baile	39.446,00
G15115306	Baloncesto	332.324,00
G36690832	Balonmán	259.244,00
V15255003	Béisbol e Sófbol	18.215,00
G36680122	Billar	25.057,00
V36650133	Bolos	27.513,00
G15108996	Boxeo	39.912,00
V15117849	Caza	37.921,00
G32133951	Colombicultura	3.910,00
G36645067	Colombofilia	9.118,00
G32023665	Dep. Inverno	9.544,00
G27816271	Deport Adaptado	95.963,00
G15583750	Deportes Autóctonos	21.319,00
G15109077	Esgrima	38.462,00
G15062193	Espeleoloxía	19.602,00
G32185738	Esquí Náutico	9.910,00



G15055890	Fútbol	319.449,00
V15133994	Golf	55.368,00
G15121700	Halterofilia	74.210,00
V36657955	Hípica	80.313,00
G32172058	Hóckei	75.235,00
G15109267	Judo e D.A.	177.245,00
G36640019	Karate e D.A.	91.923,00
G27464221	Kickboxing	25.541,00
G36756914	Kung-Fu	39.674,00
G36651081	Loita e D.A.	130.000,00
G36630259	Montañismo	37.065,00
G36651065	Motociclismo	67.908,00
G36663664	Motonáutica	42.953,00
G15137201	Natación	213.773,00
G70381603	Orientación	30.815,00
G70183744	Pádel	42.535,00
G15070451	Patinaxe	68.547,00
G15067002	Pelota	12.211,00
G15141328	Pesca e Casting	17.028,00
G36644466	Petanca	15.169,00
G36040764	Piragüismo	484.352,00
G15117385	Remo	147.300,00
G15111156	Rugby	58.818,00
G27033737	Salvamento e S.	29.024,00
G36644680	Squash	79.312,00
G15565484	Surf	47.372,00
G15237233	Taekwondo	149.062,00
G15102767	Tenis	133.599,00



V15149453	Tenis de mesa	50.641,00
G27034131	Tiro con Arco	60.637,00
G32014821	Tiro Olímpico	49.022,00
V36703932	Triatlón e P.M.	188.472,00
G36644862	Vela	347.961,00
G15067978	Voleibol	99.716,00
G36644789	Xadrez	67.700,00
G32023210	Ximnasia	105.422,00
	TOTAL	5.290.488,00 €

4- O convenio ten por obxecto establecer para o ano 2026 as bases de colaboración deportiva e económica entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a respectiva federación deportiva.

Con este convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes colaborará cos gastos ocasionados con motivo da realización dos seus respectivos programas de promoción deportiva para a anualidade 2026, co fin de fomentar o deporte e a actividade física saudable no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, colaborando así no desenvolvemento do sistema deportivo galego tal e como queda reflectido, en termos de actividade e económicos, na ficha I, Reparto orzamentario por programas, do presente convenio.

En concreto, a colaboración obxecto do convenio tipo establécese nos termos de actividade e actuacións, así como económicos. Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes, entendendo que a relación é meramente enunciativa e non limitativa:

- Gastos xerais de funcionamento.
- Programa Tecnificación e Rendemento no CGTD.
- Programa Team España Future-Campionatos de España en idade escolar por seleccións autonómicas (TEF-CESA) convocados polo CSD
- Programas Actividade deportiva ordinaria.
- Programa Los Ángeles 2028.
- Programa Actividade deportiva de promoción.





- Programa Proxectos de especial relevancia

5 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

1. Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

2. A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, regula no seu artigo 51.1 as federacións deportivas galegas, configurándose estas como entidades privadas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 51.5 da Lei 3/2012, do 2 de abril, só se pode recoñecer unha federación deportiva por cada modalidade, exercitando cada unha delas en réxime de exclusividade, ademais das funcións que son propias do seu ámbito privado, as funcións públicas delegadas establecidas no artigo 56.4 da norma, actuando neste caso como axentes colaboradores da Administración.

4. Neste marco das funcións federativas, é pretensión da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, subscribir o convenio de colaboración coa <Nome completo oficial da federación Xunta Sans 10> para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2026, concretado nas actuacións recollidas neste documento, atribución que ostenta esta, en réxime de exclusividade.

5. O interese público deste convenio radica, con carácter xeral, na necesidade de promover o deporte dando cumprimento ao establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de





Galicia, dada a importancia que ten o deporte na sociedade actual como actividade cidadá voluntaria, como ferramenta educativa, como elemento crucial no desenvolvemento harmónico das persoas e no seu equilibrio físico e psicolóxico, e como elemento que contribúe ao establecemento de relacións plenas do individuo co grupo e dos grupos entre si.

Coa finalidade de contribuír ao acceso dos cidadáns á práctica da actividade deportiva federada, faise necesaria a formalización de convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, con cada unha das federacións deportivas galegas recoñecidas no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia da Secretaría Xeral para o Deporte, na súa condición de axentes colaboradores da nosa comunidade autónoma para a promoción e desenvolvemento das súas respectivas modalidades deportivas para o exercicio 2026, concretadas no desenvolvemento de programas de fomento e realización de actividades, no ámbito dos seus respectivos deportes e en toda a comunidade autónoma. En consecuencia articúlase un convenio de colaboración con cada unha das Federacións Deportivas Galegas existentes na actualidade e recoñecidas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, non existindo polo tanto ningunha Federación Deportiva coa que non se articule unha vía de financiamento para o desenvolvemento da súa modalidade deportiva durante o ano 2026.

No caso das Federacións galegas de Ciclismo e de Tiro ao Voo non se asinan convenios, e polo tanto se exclúen deste expediente de gasto anticipado, motivado porque a Federación galega de Ciclismo está sancionada cunha inhabilitación por parte da Deputación provincial da Coruña para obter subvencións e axudas, ata o 28/10/2026, e no caso da Federación galega de Tiro ao Voo porque notificou o 4/11/2025 a súa renuncia á sinatura do convenio de colaboración para o ano 2026.

En consecuencia, integran o expediente de gasto 57 convenios correspondentes a 57 das 59 federacións deportivas recoñecidas.

6- A aplicación orzamentaria: 05.02.441A.481.0
Código do proxecto: 2014 00066





importe: 5.290.488

7- Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral para o Deporte
Roberto García Fernández

